

PEZA DO MES

xaneiro

2010



PEDRA CASTREXA CALADA




FIGURA 1

PEDRA CASTREXA CALADA

No curso dos traballos de intervención arqueolóxica en Castromao do ano 1973 localizaronse diversos fragmentos dunha peza de granito que podemos identificar como unha fiestra, aínda que formalmente a súa mellor definición sexa unha roseta calada.

Trátase de cinco anacos, de dimensións distintas, que os seus descubridores refiren de modo moi sucinto ao falar deles no seu traballo *“Excavaciones en el Castromao. Celanova (Ourense)”* publicado no Noticario Arqueolóxico Hispánico. Prehistoria, 5, 1976: *“En 1973 se completó la excavación de algunas edificaciones descubiertas el año anterior, en especial de una casa cuadrada que alcanza los tres metros de profundidad, inmediata a la muralla, la cual aparte de cerámica y otros objetos, nos ofreció una preciosa piedra insculptada con un altorrelieve representando algo así como dos largas y gruesas sierpes dispuestas paralelamente de arriba abajo y con las cabezas en opuestas direcciones; una ventana cuadrada con su dispositivo de cierre y trozos de un ventanuco, artísticamente esculpido a modo de rosetón”*.

Os restos corresponden a cinco anacos, dos que os catro fragmentos pequenos son moi semellantes, de forma triangular cos lados cóncavos e un rebaixe no centro nunha das súas caras. Un deles enlaza perfectamente co elemento de maior tamaño, que ten tamén forma triangular, con dous laterais escuadrados e formando ángulo e o lado que faría de hipotenusa curvado, debuxando un arco de circunferencia interrompido por uns pequenos saíntes, precisamente onde encaixa

perfectamente unha das pezas anteriores. Ten unha parte lisa, pero mostra nunha das súas caras unha franxa incisa de 4 cm de ancho e dous de profundidade seguindo o arco da circunferencia que o delimita, e, seguindo a mesma traza, dúas molduras paralelas en baixo relevo sobre a fronte da moldura resultante entre a franxa antedita e o oco interior. Estamos, xa que logo, ante o esquinall dun bloque granítico no que se traballou unha circunferencia e o arranque das follas dunha roseta hexapétala inscrita nun círculo, que son as definidas polos outros fragmentos conservados, e que podemos reconstruír na súa totalidade nunha forma coma a da figura 1.

Precisamente son as súas características, que xa chamaran a atención aos seus descubridores, as que levan a Calo, ao describir a peza na súa Plástica da cultura castrexa, a dicir: *“Se atopar este tipo de vans con decoración, pois os que puideran ter existido como simples ocos moi poucas veces son recoñecibles entre as pedras dos derrubes das casas, é inusual, desde logo o exemplar que nos ocupa é un “unicum” ata o extremo de que se non tivera aparecido no decurso dunha escavación habería que cuestionar-la súa orixe castrexa”*. Sen dúbida o feito de ser unha roseta e o de estar calada inflúen na valoración anterior.

O sector onde apareceu a peza ten unha singular relevancia na conformación topográfica de Castromao, tanto polos elementos descubertos no sector como pola potencia arqueolóxica do punto inmediato á muralla (figura 3). Estamos a carón da muralla, na plataforma baixa do recinto castrexo defendido e no sector lateral do conxunto no que se descubriron a *tabula* e maillo acubillo monetario, que presenta un laxeado entre as construcións e que se define como unha zona de certa importancia dentro do conxunto habitado de Castromao dos século I e comezos do II d.C.

Outro aspecto que hai que considerar ao falar da peza é a abundancia relativa de pezas caladas descubertas nas intervencións no Castromao, case tanto polo volume de elementos decorados correspondentes aos períodos finais da vida do castro como pola singularidade dalgúns deles que teñen sido anteriormente tamén peza do mes (p.e. a figura zoomorfa, aparecida nun punto próximo). Da súa rareza pode dar idea o feito de que nun reconto dos elementos deste tipo definido nun Corpus tan exhaustivo como o xa citado de Calo, non poidamos citar máis que dúas de Briteiros (as números 1 e 2 do seu inventario), outras dúas de Santa Luzia (nº 1 e 2) e outros tres de Santa Trega (nº25, 26 e 3), e sabemos da aparición dalgún elemento máis, illado nalgún outro xacemento en datas recentes, mentres que en Castromao existen cando menos fragmentos correspondentes a sete pezas deste tipo, o que supón un número relativamente alto, máis aínda se o establecemos en termos comparativos co número total de pezas documentadas nos respectivos xacementos (Calo, Gráfico 1), así como a súa significación en relación cos núcleos dos que falamos.




FIGURA 2

No que atinxe ás pezas perforadas presentan un certo paralelismo que me permitirei subliñar aquí: trátase de bloques graníticos dunhas dimensións de aproximadamente 60 x 60 x 10 cm, case cadradas pero non totalmente, coa cara frontal traballada máis polo miúdo, con temas xeométricos habituais noutras manifestacións do mundo castrexo (tríceles, dos que coñecemos xa cinco exemplares diferentes, e rosetas, como neste caso concreto), e no caso de Castromao aparecen vinculadas a construcións que nas súas proximidades teñen ofrecido outros elementos arquitectónicos decorados, como ben se advirte no relato dos descubridores da peza. Nalgún caso mesmo teñen ofrecido vans de pequeno tamaño, sempre menores que os bloques nos que se abren estas pezas polo que non resulta doado relacionalos directamente.

Cómpre tamén dedicarlle atención á súa funcionalidade. Certamente decorativa, ornamentando unhas paredes lisas de cachotería, que coidamos poderían ter recibido unha cuberta de barro e rematada con cores vivas como suxiren certos fragmentos encontrados nalgúns xacementos. Poderían ter sido tamén funcionais, para alimentar a ventilación do ámbito interior, doméstico ou cultural, das construcións nas que se utilizaban, ou tan só unha axuda de iluminación interior. De momento non podemos manter unha opinión definitiva sobre o tema.

A decoración responde a unha estrutura xeométrica ben definida, de certa complexidade pero sinxela de trazar, mediante a utilización dun punto de centro e circunferencias secantes que van perfilando a figura conforme o esquema que se presenta na figura 2, que é común cos adornos doutras pezas castrexas, fundamentalmente na frontal de pedras cilíndricas que se supoñen cravadas nos muros das construcións e tamén na ourivesaría,



FIGURA 3

singularmente nos remates dalgúns torques. Formas decorativas que mostran os recursos técnicos e o dominio da xeometría dos nosos devanceiros, sexa influxo mediterráneo ou centroeuropeo, e que teñen deixado fondo pouso na arte céltica europea, tanto protohistórica, na que teñen afondado Jacobsthal ou Lenerz-De Wilde, como histórica, sobre todo a céltica insular da tardarromanidade e da Idade Media.

Certamente non se pode desbotar unha valoración simbólica das figuras trazadas, como as suxeridas por Cumont (astral, relacionado coa sorte ou a fortuna da vida e da morte), pero tampouco a banalización que supón o uso reiterado de certos motivos decorativos de vida milenaria sobre os que nos ilustrou hai tempo W. Deonna, que vía na súa propia simplicidade xeométrica, por veces rebuscada e complexa polo entrelazo dos motivos, pero simplicidade ao cabo no xesto xeométrico básico, a razón do seu emprego continuado, dende as primeiras manifestacións artísticas das pinturas rupestres do norte de África ata os elementos ornamentais cotiáns, todavía vivos non hai moito tempo no mundo rural europeo.


Como podemos ver, o singular xacemento que é Castromao, segue a nos proporcionar suxestións cincuenta anos despois de que comezara a escavación sistemática da man de Mariano García Rollán, que tería continuado nos traballos de Xesús Ferro e Xaquín Lorenzo, nos que seguidamente eu mesmo dirixín, algúns con Alfredo Seara e con Francisco Espino, e os que agora fai Luís Orero Grandal cos seus colaboradores.



FACHADA DO EDIFICIO Á PRAZA MAIOR



ESCOLMA DE ESCULTURA, SALA SAN FRANCISCO



MUSEO DE OURENSE

O edificio histórico que é a sede do Museo está pechado ao público por obras de reforma. Aínda así, cando é posible, facilítase a súa visita, libre e tamén con posibilidade de guía, para coñecer os restos conservados e descubertos como resultado da intervención arqueolóxica realizada. O soar foi ocupado dende época romana— da que quedan algunhas testemuñas fragmentarias, pero relevantes na historia da Cidade de Ourense—, e seguidamente por unha necrópole altomedieval, para finalmente servir ao pazo do bispo de Ourense, construción civil románica do século XII, moi completa e que se definiu na súa totalidade espacial e volumétrica, aínda que foi obxecto de engadidos e modificacións ata configurar o actual conxunto, monumento histórico artístico declarado en 1931.

Máis información e imaxes na **nova páxina web:**
<http://www.musarqourense.xunta.es>

ESCOLMA DE ESCULTURA

En canto se realizan as obras de remodelación ofrécese aos visitantes unha visión das coleccións do Museo a través dunha coidada selección de pezas de escultura, dende a protohistoria ao barroco, na sala San Francisco. Esta é a antiga igrexa da Venerable Orde Terceira (VOT) de San Francisco, que se sitúa ao lado do cemiterio e do exconvento do mesmo nome, onde está o claustro gótico e a nave da igrexa cos seus monumentos funerarios góticos e renacentistas.

O horario de visita é o seguinte:

martes a sábado: 9,30 a 14,30h
16,00 a 21,00h
domingo: 9,30 a 14,30h
luns pechado

Outros servizos do Museo

Os servizos de información xeral, biblioteca e consulta de investigadores están dispoñibles na situación provisional do Museo, na rúa Xílgaros s/n (Centro Santa María de Europa, a Carballeira), 32002. Ourense.

Horario de atención ao público: de luns a venres, das 9,30h ás 14,30h e das 16,00h ás 20,30h

PEZA DO MES:

Museo Arqueolóxico

EDITA: Museo Arqueolóxico Provincial de Ourense.

TEXTO: Francisco Fariña Busto.

FOTOGRAFÍA: Fernando del Río.

MAQUETA: Araceli Gallego.

ISSN: 1579-9956

Depósito Legal: VG 97-2004



XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE CULTURA
E TURISMO



XACOBEO 2010
Galicia